

INSCRICIÓN Campamentos de Verán 2019

D./Dna. _____

con DNI _____

teléfono de contacto _____

correo electrónico _____

e enderezo a efectos de notificación _____

como pai/nai/titor-a legal do/a PARTICIPANTE:

con data de nacemento _____ habendo cursado no ano académico

2018-2019 _____ **SOLICITO INSCRICIÓN** no/s campamento/s:

- Granxa Escola Fervenza do Toxa 4º e 5º de Infantil
- Granxa Escola Fervenza do Toxa 6º de Infantil
- Granxa Escola Barreiros I 1º e 2º de Primaria
- Granxa Escola Barreiros II 1º e 2º de Primaria
- Galipark Multiaventura 3º e 4º de Primaria
- Campamento nas Fragas do Eume 5º de Primaria
- Campamento Mar de Arousa 6º de Primaria
- Campamento Xuvenil Diverlanhoso (Portugal) 1º – 3º ESO
- Aventura en Asturias de 4º ESO a 2º Bach.
- Campamento Urbano Aula da Natureza. Dos 6 aos 14 anos.
- Granxa Escola Kiriko SETEMBRO de 6 a 16 anos

◆ Solicito **papeleta única** no sorteo
(só en caso de irmáns que participen no mesmo campamento): SI NON

◆ Solicito **fraccionamento** de pago (2 prazos) SI NON

◆ Solicito que me envíen as **AUTOLIQUIDACIÓNS** ao seguinte enderezo electrónico: (*)

(*) **IMPORTANTE:** Cumprimente con letra lexible e en maiúsculas o enderezo electrónico.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

- ◆ Solicito **bonificación** de taxas e prezos do 50% por ter a condición de:
 - Familia numerosa de categoría especial
- ◆ Solicito **bonificación** de taxas e prezos do 20% por ter a condición de:
 - Familia numerosa de categoría xeral
 - Familia de especial consideración (monoparentais, con persoas maiores a cargo, con persoas discapacitadas a cargo, con persoas dependentes a cargo e acolledoras).

Deberá axuntarse en función do suposto (artigo 9 das bases dos Campamentos de Verán 2019):

- No caso de familia numerosa: copia cotexada do libro de familia e título acreditativo de familia numerosa de categoría especial ou xeral segundo corresponda.
- No suposto de familias de especial consideración: documentación que acredite tal circunstancia de acordo coa definición e requisitos establecidos na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Así mesmo, a efectos de establecer os criterios de prioridade en caso de sorteo, DECLARO que:

- O meu fillo/a está empadroad/a. (Comprobarase de oficio).
- O meu fillo/a non estando empadroad/a, está matriculado/a nun centro educativo de Ames ou ben os seus pais traballan neste termo municipal. (Axunto documentación acreditativa da empresa ou centro educativo).
- O meu fillo/a non está empadroad/a.

IMPORTANTE: Unha vez inscritos/as, para facer efectiva a matrícula, deberá aboar o importe do campamento nos prazos establecidos.

Ames, _____ de _____ de 2019

Asinado:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

PARADA DE AUTOBÚS MILLADOIRO (Casa da Cultura) BERTAMIRÁNS (Praza do Concello)**DATOS MÉDICOS E DE INTERESE. (Engadir informe médico se o considera preciso)**

ENFERMIDADES _____

INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS _____

ALERXIAS _____

OUTROS _____

ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS AUTORIZO NON AUTORIZO

Ao monitorado dos Campamentos de Verán 2019 á administración do/s medicamento/s prescritos ao meu fillo/a na/s dose/s e no horario que a continuación se especifica, eximindo de toda responsabilidade ao Concello de Ames e ao monitorado.

<u>Medicamento</u>	<u>Dose</u>	<u>Horario</u>

IMPORTANTE:

Non se administrará ningún medicamento non prescrito nin autorizado.

TRASLADO DO/A PARTICIPANTE ANTE UNHA EMERXENCIA AUTORIZO NON AUTORIZO

Ao monitorado dos Campamentos de Verán 2019 para que en caso dunha emerxencia ou porque as circunstancias o fagan aconsellable, poidan trasladar ao antedito/a participante ao centro de saúde, hospital ou ata o seu domicilio.

CAPTACIÓN DE IMÁXES

AUTORIZO NON AUTORIZO

Ao Concello de Ames a captación de fotografías, a gravación de imaxes e o rexistro de sons daqueles eventos organizados polo Concello nos que apareza antedito/a participante, ben a título individual ou formando parte dun grupo. (*)

(*)As imaxes e os sons destinaranse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Ames, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do CONCELLO DE AMES. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no rexistro xeral do Concello.

RECOLLIDA DOS/AS MENORES PARTICIPANTES

AUTORIZO baixo a miña responsabilidade, a recoller ao meu fillo/a, ás seguintes persoas maiores de idade:

D/Dna.: _____, DNI: _____

D/Dna.: _____, DNI: _____

Así mesmo, **DECLARO** que o meu fillo/a:

- Sabe nadar Non sabe nadar
- Ten condicións físicas e de saúde que lle permiten participar nas actividades.

Cumprimente tódalas observacións que considere oportunas para a mellor estancia do/a seu fillo/a nos campamentos.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

NORMAS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2019

Coa finalidade de favorecer a convivencia e o desfrute das actividades programadas dentro dos Campamentos de Verán 2019 do Concello de Ames, debemos establecer e respectar unha serie de normas de comportamento e seguridade por parte de todos/as e cada un dos/as participantes.

- Todos/as os/as participantes deben **respectar** aos seus compañeiros/as e monitores/as. Non está permitido ningún tipo de comportamento violento, físico ou verbal. Do mesmo xeito, todas as instalacións e materiais do campamento deben ser utilizados e respectados axeitadamente polos/as participantes.
- Non se permite saír ou abandonar o campamento sen o **permiso** expreso dos pais/nais/titores legais e a **autorización** do/a director/a do equipo de monitores/as.
- Queda **prohibido** levar obxectos punzantes ou cortantes,... e o uso en xeral de calquera obxecto que poida producir accidentes ou lesións. Da mesma maneira, queda **prohibido** o consumo de bebidas alcohólicas, tabaco ou outras sustancias non autorizadas.
- Non está permitido o **consumo** de alimentos, nin bebidas que non sexan os proporcionados polo servizo de cociña do campamento, a excepción das consumicións que se realicen durante as viaxes. Queda prohibido traer doces, larpeiradas, chocolates, ou calquera outro tipo de alimento. Calquera comida que se poida traer dende casa será recollida polo equipo de monitores.
- No momento de chegar ao campamento organizarase:
 - ◆ O **BANCO DE CARTOS** (para ESO e BACH.). Onde o equipo de monitores/as gardará a cantidade de diñeiro que traia cada participante e irá xestionando os gastos segundo precise (recomendamos encarecidamente que a cantidade depositada sexa simbólica).
 - ◆ O **BANCO DE MÓBILES** (para 5º, 6º PRIMARIA, ESO e BACH.). Onde cada participante debe entregar o seu teléfono móbil e o seu cargador ao equipo de monitores. Estes facilitarán de novo os dispositivos durante o horario establecido para as comunicacións externas cos/as familiares e/ou amigos/as (normalmente durante o tempo de descanso despois de comer).

Os nenos/as de Educación Infantil e de 1º, 2º, 3º, e 4º de Educación Primaria non poderán levar teléfonos móbiles, e ningún curso de Educación Primaria poderá levar diñeiro ao campamento.

- Non está permitido levar cámara de fotos, reprodutores de música, consolas, nin outros **dispositivos electrónicos** durante o campamento. En caso de traelos, o equipo de monitores/as estará autorizado a retiralos e custodialos ata o remate do campamento.
- O Concello de Ames recomenda encarecidamente aos pais/nais/titores legais dos/as participantes non levar consigo ningún tipo de **obxecto de valor**. Nin o concello nin a instalación de desenvolvemento do campamento se farán responsables da perda, roubo ou deterioro dos efectos persoais dos/as participantes.
- Para o bo funcionamento de nosos programas, non están permitidas as **visitas** dos pais ou dos familiares durante o campamento pero si poderán, si así o desexan, recoller aos seus fillos previa comunicación aos monitores do concello.
- En cada campamento, segundo a súa duración, estableceranse uns días e horarios para o contacto telefónico entre os/as participantes e as familias.

O incumprimento dalgunha destas normas, suporá a toma de medidas oportunas, reservándose o dereito de expulsión do campamento do/a participante, previa comunicación á familia. Calquera situación durante o campamento que puidera influír negativamente no seu bo desenvolvemento, será tido en conta e actuarase en consecuencia.

D./Dna. _____
pai /nai /titor-a legal de _____,
comprométome e acepto as normas xerais dos Campamentos de Verán 2019 do Concello de Ames.

Ames, ____ de _____ de 2019.

Asdo.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES